

## A IGREXA NON FALA A MESMA LINGUA QUE OS GALEGOS

ALFONSO ÁLVAREZ GÁNDARA.

SEMENARIO SIGNO, 03-12-1966.

PREMIO "FERNANDEZ LATORRE" 1967, DE LA VOZ DE GALICIA.<sup>1</sup>

O 1º de xaneiro de 1965, a Igrexa española comezou a utilizar as linguas vernáculas na liturxia , coa progresiva extensión que é xeralmente coñecida. A lingua vernácula da Galiza é o galego, pero unha adecuada interpretación da "Constitución sobre a Sagrada Liturxia" conducirá a empregar non a lingua vernácula do país, senón a lingua predominante na parroquia de que se trate, sexa ou non a vernácula do país.

Naquelas parroquias da Alemaña onde existen núcleos considerábeis de castelán-falantes, o conciliar será dispor algunha misas en castelán.

Un caso sumamente análogo ao da Galiza é o da Catalunya, e resolveuse determinando, seria e serenamente, en que parroquias prevalecía excepcionalmente o castelán.

Na Galiza era de esperar que se aplicaran o galego, en xeral, e o castelán nalgunhas parroquias urbanas.

Pero así e todo, a Xerarquía ordenou o uso do castelán en toda a Galiza. A consternación estendeuse entre os intelectuais. Daquela, comezou a campaña pro lingua galega na liturxia. Ás autoridades eclesiásticas chovéronlles súplicas, cartas

---

<sup>1</sup> **Notas históricas aclaratorias do traductor recollidas de internet:**

"O Semanario SIGNO, Revista dos Movementos Xuvenís da Acción Católica, por tanto, Órgano da Igrexa Católica Española, era «un dos poucos que non obedecía a liña franquista». De feito, polo menos, o 4 de xuño de 1966 foi secuestrado."

Posteriormente, 24-07-1967, este artigo foi gañador do IX CONCURSO PERIODÍSTICO "FERNÁNDEZ LATORRE" de LA VOZ DE GALICIA, seleccionado polo Xurado "de entre máis dun centenar deles de moi alta e recoñecida calidade".

remitidas illadamente por particulares, tamén instancias impresas que facilitaban ao público grupos de rapaces e xoves católicos, peticións oficiais da meirande parte dos Centros galegos da emigración e as demandas dalgúns articulistas desde a Prensa diaria. (Non se pode ponderar ata onde tería chegado a campaña xornalista, porque foi tallada na raíz polas autoridades, a pesares de que en ningún artigo dos publicados encol desta materia na Galiza naquelas datas –e penso ter no meu poder a totalidade- se descubrise o máis lixeiro vestixio de especulación política.

Resulta evidente que os autores respectivos xa evitaron implicar nas súas consideracións calquera matiz que puider facer inviábel a publicación dos artigos ou que puider ofender a imparcialidade política que, por respecto, se supón á Igrexa.)

Resumindo, a campaña, aínda que espontánea e non organizada, foi masiva. Débeslle imputar na mor parte aos intelectuais, mais isto non quer dicir, que os intelectuais perseguisen fins exclusivos seus. O interés procurado era o do pobo galego en xeral.

Van aló dous anos. O problema segue en pé, revestido de todo o seu misterio. Xa logo explicarei por que a situación me parece misteriosa.

### **PONTO DE VISTA**

Antes de entrar no fondo do asunto, véxome obrigado a por en claro con que espírito o fago. Cal é a miña actitude. De que son partidario. Porque todo o mundo é partidario de algo, e toda a obxectividade que cómpre nun tema polémico coma este consiste en confesar paladinamente que crase de intereses lle moven a un.

O que a min me interesa é o pobo galego. O idioma galego interésame por consecuencia. Interésame porque é a máxima creación espiritual do meu pobo e porque, na subsistencia e na perfecta restauración dese idioma, compéndiase a meirande parte do desenvolvemento cultural e económico do pobo galego.

Cando alguén defende a utilización do galego invocando as avantaxes que se seguirían diso na orde pastoral, díselles que a Xerarquía coñece ben os intereses da Igrexa; e cando invoca o texto da “Constitución sobre a Sagrada Liturxia” e suplica

á Xerarquía que teña presente o espírito de submisión que debe informar a execución das decisións conciliares, contéstase que tamén o segrar debe submisión á Xerarquía e ten de encomendarse á prudencia e sabedoría dela máis ben do que á súa persoal impaciencia. Está claro que o concepto de obediencia admite hoxe acepcións moi ben novas: Mais eu non quero correr o risco de incorrer nunha contradición do estilo indicado.

Nun artigo publicado antes da vixente Lei de Prensa, quixen dicir: "Que quede bien claro que yo no pretendo dar lecciones de eficacia docente ni definir los intereses de la Iglesia; lo que pretendo es re-presentarle a la Jerarquía los intereses que el pueblo gallego tiene empeñados en esta cuestión".

(Quixen dicilo e espero poder dicilo agora. Daquela, os artigos desta crase, ou non saían, ou saían donosamente mutilados.) Se á Igrexa lle interesa ou non empregar a lingua galega na predicación e na liturxia, con vista a unha meirande penetración didáctica, saberao ela. Demostrar (ou finxir) maior interés por este aspecto do problema do que aqueles mesmos que, por vocación, profesión e ministerio, están chamados a atendelo, paréceme "ser máis papista do que o Papa", e penso que constituiría, esencialmente, unha falta de respecto. Entendo que o emprego litúrxico do galego convenlle profundamente aos galegos, e que sería moi desexábel que a Igrexa, máis exactamente a Xerarquía da Galiza, nos prestara a súa axuda neste asunto.

### **IMPORTANCIA DO FEITO HISTÓRICO**

Convén desfacer un equívoco lamentablemente estendido. Os intelectuais galegos non pretenden crear o problema da lingua galega., senón máis ben resolvelo. A lingua galega existe, e diante deste feito só cómpren dúas actitudes: cultivala e defendela, ou perseguila á morte. En casos coma este, a neutralidade é unha ficción. A suposta neutralidade, que consiste en continuar unha corrente iniciada hai séculos polo Estado e as demais Corporacións públicas, pola Igrexa, os funcionarios, a aristocracia e a burguesía – a corrente de cultivar exclusivamente o

castelán – conduce a confinar a lingua galega nos reductos da vida campesiña. Cando isto lle ocorre a unha lingua, é que se lle puxo na vía de extinción, non menos que a certos grupos étnicos cando se lles confina en reservas, onde deben agoniar respectuosamente e sen promover excesivo escándalo. Cando se abandona unha lingua á súa propia sorte, daquela en realidade abandónaselle á súa mala sorte.

Destruír unha lingua é un xenocidio espiritual. Cada idioma encerra e expresa toda a cultura do mundo. A lingua é o produto cultural máis nobre do que son susceptíbeis os pobos. É o alcaloide dunha civilización. Parece incríbel que aqueles mesmos que rachan as vestes cando o lodo do Arno invade o “Palazzo degli Uffici” e pon en perigo a súa galería de pintura e escultura, contemplan friamente a cotiá demolición dunha lingua viva.

Mais os intereses en litixio son aínda máis considerábeis. Non se trata só de que estea ameazado un patrimonio cultural vivo, senón de que a mellor parte dos valores espirituais e materiais do noso proletariado dependen da saúde do idioma galego.

Na Galiza, o castelán é só a lingua oficial e da burguesía. A crase media das cidades é disputada polo galego e o castelán. (Sería difícil e prolixo sentar regras máis precisas. Habería que distinguir varias subcrases dentro da crase media e, sobre todo, a situación pode ser máis favorábel ao castelán en Vigo e en A Coruña do que en Ourense e Lugo. Polo demais, o reparto da clientela dunha e doutra lingua no ámbito apenas inflúe na afirmación que segue) O subproletariado e os pequenos propietarios e os do campo e o proletariado urbano, teñen o galego por lingua materna. E nisto non hai dúbida algunha. O galego é a lingua dos traballadores manuais. O galego é a lingua dos pobres. “Unha lingua de campesiños, obreiros, mariñeiros e intelectuais” , como se ten dito. É certo que case todos os galego-falantes entenden o castelán e que mesmo moitos o falan; pero nunca o falan ben. De xeito que na Galiza a lingua é un criterio de discriminación social.

(Por motivos como este, os belgas andan ás pedras a cotío. Non hai moitos meses, o anuncio de que o Goberno pretendía impor o idioma hindú como oficial en toda a India, ocasionou graves desordes públicos con resultas de varias centenas de vítimas. En resumo, o feito de que cuestión desta índole poida chegar ata o derramo do sangue, demostra que o problema non é trivial. Normalmente, os pobos teñen conciencia de que os seus intereses máis vitais –os económicos tamén, claro está – están ligados á sorte que corra a súa propia lingua. O pobo galego non ten diso unha conciencia moi aguda, mais cando un menor de idade descoñece os seus dereitos, o que procede é protexelo, non espoliálo.)

A situación de inxustiza que isto supón só admite un remedio: propiciar por todos os medios a implantación do concepto do galego como lingua de cultura e a súa total rexeneración.

Na aparencias habería outra solución: Empregarse a fondo e abertamente na extirpación da lingua galega. É vandálico, pero ademais é inútil. Digo que é, e non que sería, porque, por desgracia, esa táctica xa se levou á practica durante séculos, coa única variante de que case nunca se fixo de modos declarados. A malquerencia contra das diversas linguas da periferia tomaron sempre certos disfraces ou carautas. En definitiva, un ataque frontal, sen pretextos nin disimulos, produciría un efecto contrario ao pretendido. Serva coma testemuño o que produciron, no seu día, os letreiros que flanqueaban as estradas cataláns (“Habla español, habla la lengua del imperio”) Moi raramente se extirpa unha lingua sen extirpar tamén á masa da poboación que a sostén. Poderase desterrar o castelán de Filipinas, pero non o Tagalo.

### **ACTITUDE DOS GALEGOS**

“Os que se interesan moito por esta cuestión son os intelectuais”, así mo dicía non hai moito un crego, esquecendo que tamén os cregos, por definición, tamén son intelectuais. Naturalmente que os intelectuais son os que demostran maior interés, e non é moi alentador comprobar que, entre eles, os sacerdotes non

brillen, non destaquen, polo seu entusiasmo; pero isto non quer dicir que os mesmos proletarios non teñan algunha conciencia do problema. Polo menos, cando se trata do problema máis xeral do emprego oficial do idioma galego, adoitan mostrárense moi interesados con tal que se lles suscite a cuestión. Un labrego, escoitándome falar en galego cun grupo de profesionais, preguntábame: "Cando poderemos falar en galego?" Eu rezo todos os días por isto. E ficou moi pensativo cando lle contestei con outra pregunta: "E en que lingua reza vostede?"

Tamén hai que ter en conta a actitude dos galegos emigrados. Xa fica indicado ao principio deste artigo, que case que a totalidade de Centros galegos estranxeiros se dirixiron á Xerarquía en acendida súplica para que revisaran a súa actitude fronte á lingua galega. Isto é moi revelador, porque as comunidades galegas no estranxeiro prefiguran con bastante aproximación o que sería unha sociedade galega libre de complexos de inferioridade idiomática e doutras presións máis ou menos psicolóxicas que se están a experimentar na península. Por pór só un exemplo, a Prensa galega da emigración puido tratar deste problema coa amplitude que non tivo a prensa da Galiza.

### **A ACTITUDE DA XERARQUÍA**

A actitude da Xerarquía diante deste problema é misteriosa. En primeiro lugar, desde 1965 ata hai uns días non se produciu ningunha contestación formal aos milleiros de súplicas que se lles dirixiron. Cando algún xornalista se atreveu a preguntar directamente polo estado da cuestión, tivo respostas reticentes, no senso de que non había que perder de todo a esperanza. En tais casos, aproveitouse a ocasión para cualificar de impacientes aos que levan dous anos agardando unha contestación, anque sexa ela negativa, encol dun problema que afecta tan vivamente a todos os galegos, católicos ou non.

Hai razóns para aplicar neste caso a doutrina do silencio administrativo. Pero tamén as hai para cualificar de misteriosa a técnica empregada. Sendo tan importante o problema e tan copiosa a cantidade de peticións formuladas, calquera

contestación sería máis satisfactoria do que o silencio. Claro que o silencio ten un significado, porque nesta materia o que cala non outorga, refuga e recusa. Pero para os que pretendemos o emprego litúrxico do galego, o sistema elixido é o menos favorábel: Primeiro, porque non é cordial (cando non se contesta a unha petición, dáse por non recibida); segundo, porque nos ocultan as razóns da decisión e, con iso, a posibilidade de instar a que a Xerarquía reconsidere.

En segundo lugar, hai uns días, os Ordinarios da Galiza autorizaron aos seus párrocos para que, contempladas as circunstancias do caso, puideran pronunciar a homilía en galego. Salvando algunha distancia, é coma se en Porto Rico se ordenara a substitución na liturxia do latín polo inglés e, logo, se pasase ao emprego do castelán, na predicación segundo a vontade do párroco.

A publicación deste acordo non se acompañou de ningunha declaración acerca do problema que, non obstante, segue a ser principal. Segue a ser enigmático.

Por que na predicación e non na liturxia? Eu penso que se trata de realizar unha sondaxe no clero e no pobo. Probabelmente se trate de saber con que extensión e con que grao de entusiasmo os párrocos fan uso desa autorización e, á vez, con que grao de simpatía é recibida esta novidade polos fieis. Sería coma unha sorte de plebiscito, cuxo resultado podería servir de base para unha declaración definitiva encol do emprego litúrxico.

A proba non podía ser presentada dun xeito máis desfavorábel para a lingua galega. No tocante ao clero, nin sequera hai garantía de que todo el teña recibido con alborozo a sustitución do latín e outras innovacións conciliares. Estou seguro de que, en xeral, recibiría con menos alborozo a segunda innovación de substituír o castelán (lingua vulgar) polo galego (lingua supervulgar). No tocante ao pobo, haberá de todo, pero en xeral será vítima dos mesmos prexuízos ca o clero e cá sociedade á que aquel e este pertencen. O que na Galiza se pensa normalmente é que o galego é a lingua dos pobres e isto que é un título de honra e base de todos os merecementos para un grande sector da intelectualidade, é factor de descrédito e de bastardía para a meirande parte da sociedade, clero e proletariado incluídos,

porque o clero e o proletariado padecen esa grave doenza social que se chama alienación.

### **A LENDA NEGRA DO GALEGO**

O que temo é que a Xerarquía comparta algúns dos erros, de observación ou de interpretación dos feitos, que adoitan actuar en contra da lingua galega, e que, en apertada síntese, poden resumírense así:

1º Non é unha lingua de cultura. Iso mesmo cre a xeneralidade dos españois. Pero hoxe non é sostíbel. No ámbito académico soaría a disparate. Concretamente, por cometer un erro dese tamaño, un bacharel dos nosos días sería suspendido na reválida de sexto curso..

Ademais isto non conta en relación á utilización litúrxica dunha lingua. Precisamente se estou a escribir este artigo é porque a Igrexa xa postergou a súa lingua de cultura ás linguas vulgares. Prefíreas por seren vulgares.

2º Xa non o fala ninguén. Esta afirmación só tería éxito nun "tennisclub". A maioría dos cregos falan en galego. A historia do galego literario está costelada de nomes de sacerdotes. (Como se añora na Galiza ao inesquecível bispo Lago!).

3º Está moi castelanizado. Non está tanto como pensan os que non o coñecen. Non está tan deteriorado coma o guaraní. E, sobre todo, cando a Igrexa preconiza o uso das linguas vernáculas, non distingue entre as vizosas e as maltreitas.

4º É heteróclito e multiforme. Isto é unha grandísima equivocación. A persoa versada en dialectoloxía, fica sorprendida precisamente pola súa unidade e pola súa normalidade. O que sucede é que hai costume de comparar ao galego real, nas súas diversas modalidades orais, xa non co castelán ou co inglés reais, coas súas variadísimas modalidades, senón co castelán e inglés literarios. Pero tamén hai un

galego común, o galego literario (algo máis vacilante có castelán literario da España – deixo aparte os casteláns literarios de Hispanoamérica, para que a comparanza sexa enteiramente leal-, pero moito menos cas outras linguas literarias europeas, a grega, por exemplo).

5º Non é o idioma dos señores. Perfectamente certo. A lei desvinculadora de 1820 aboliu os dictados dos señores e vasallos, mais as categorías permanecen. O galego é o idioma dos vasallos. Isto debería serlle atraínte á Igrexa, como lle atrae o favor dos intelectuais e como lle atrae o desfavor das señoritas da crase media.

6º Non lle é grato ás autoridades. Tamén é certo. Non sería deste lugar facer a nómina das dificultades da cultura galega da posguerra. Por outra parte son feitos ben coñecidos.

Agora tomamos contacto cunha faceta do problema especialmente espiñenta.

Temo que a Xerarquía condicione a súa actitude ás implicacións políticas -reais ou supostas- da cuestión.

Isto sería lamentábel, porque, en realidade, o contido político deste asunto depende da propia tesitura da Igrexa. Se a Igrexa aplica o galego na liturxia, en cumprimento da Constitución (conciliar), que lle recomenda facelo así, ninguén pode, obxectivamente, nin pensar que niso haxa unha actitude política; pero se a Xerarquía se formula a cuestión de cal é o enfoque político que lle debe dar a un problema esencialmente pastoral, xa a politiza automaticamente. Logo disto, calquera determinación sería política, porque tamén se fai política cando se condiciona o comportamento pastoral a unha tendencia estritamente política da Administración.

## RESUMO E SÚPLICA

E resumo, que certamente o esixe a excesiva longura deste artigo.

1º O problema é de vital importancia para o pobo galego e, en especial, para as súas crases máis modestas. Non é unha artificial creación dalgún determinado sector ideolóxico.

2º A Xerarquía resolveuno tacitamente, denegando, por agora, o emprego do idioma galego.

3º As razóns desta decisión son plurais. Semella que interveñen certas razóns de orde política. O resto debe atribuírse a penetración que puideran ter habido na Xerarquía os prexuízos que compoñen a "lenda negra" do galego, xunto coa natural proclividade á rutina e a repugnancia ás lixeiras incomodidades materiais que comportaría a innovación. Ningunha delas ten o peso suficiente para negarlle ao pobo galego unha axuda que sería tan substancial.

Permítome repetir unha frase que xa teño publicada, porque a súa irritante vixencia endexamais deixou de obsesionarme:

A insolente pereza mental dalgún funcionarios forasteiros ten chegado a acuñar esta frase: "*Hábleme en cristiano*". A tradución é tan obvia como humillante: "*¡Hábleme en castellano!*".

Agora vai resultar que é verdade e que xa nin fai falta sequera a tradución. O idioma da Igrexa é o castelán, e parece que falar galego non é falar en cristián.

En fin, por todo o devandito, reproduzo a miña respectuosa súplica ás autoridades eclesiásticas da Galiza para que revisen a súa actitude en relación co emprego da lingua galega na misa e na administración dos sacramentos e, se iso non for pertinente, para que nos expresen aos milleiros de persoas adultas que nos temos dirixido filialmente á Xerarquía neste mesmo senso, as razóns que desaconsellan á Igrexa dar ao idioma dos galegos o mesmo tratamento que mereceron o idioma dos casteláns ou dos cataláns.

**N. da R.** Non podemos considerarnos totalmente identificados co exposto no artigo polo señor Álvarez Gándara, especialmente no que se refire a suposta actitude de abandono por parte da Xerarquía da cuestión do emprego da lingua galega na liturxia. Temos constancia de que existe un positivo empeño no seo da Xerarquía por abocar o antes posíbel a unha solución satisfactoria para a xeneralidade do pobo da Galiza. Este positivo empeño é algo que non pode esquecerse, de igual forma que ninguén pode desentenderse lealmente en España do concernente á situación galega.

\* \* \*

**NOTA DO TRADUCTOR:** Ata aquí a tradución literal e máis fiel posíbel, feita por Xoaquín Campo Freire, do devandito artigo de ALFONSO ÁLVAREZ GÁNDARA, *A Igrexa non fala a mesma lingua que os galegos*, tomada do semanario SIGNO e para uso privado de traballo en grupos.